

Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

Conferencia 7ª - 6 de setembro

“Computación na Nube (Cloud-Computing)”

Estimado/a compañeiro/a:

A computación na nube ou "Cloud computing" é un paradigma que permite ofrecer servizos de computación a través de Internet. A "nube" é unha metáfora de Internet. É un novo modelo de prestación de servizos de negocio e tecnoloxía que permite ao usuario acceder a un catálogo de servizos estandarizados e responder ás necesidades do seu negocio, de forma flexible e adaptativa, en caso de demandas non previsibles ou de picos de traballo, pagando unicamente polo consumo efectuado.

Preténdese introducir aos participantes nas posibilidades no ámbito da enxeñería desde tipo de servizos e ferramentas dispoñibles que, pola súa natureza, pódese integrar con moita maior facilidade e rapidez co resto das súas aplicacións empresariais, xa sexan desenvolvidas de xeito interno ou externo, teñen maior capacidade de adaptación, recuperación de desastres completa e reducen ao mínimo os tempos de inactividade. Incidir no feito de que require moito menor investimento para empezar a traballar e, polo tanto, aumenta a competitividade, diminúe os riscos e ten un nivel considerable de personalización ou integración.

- Relator:** D. Ignacio Garmilla Mancho (Ver no dorso)
Data e horario: 6 de setembro de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.
Lugar: Salón de Actos de COITIVIGO.
Nº de Prazas: Aforo do Salón de Actos.
Cuota: Gratuita, previa inscrición.
Cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unión necesaria de facer Europa"



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Contidos: (Ver no dorso)

Inscrición: A través da Web de COITIVIGO
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->



Documentación: No mesmo apartado da Web dispórase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

Nota: A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicárelles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicárase oportunamente.

A data límite para a recepción das inscricións remata o Luns, 5 de setembro.



José Manuel Jardón Quelle
Poñente de Formación

BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:

Profesional orientado á organización do traballo baixo premisas de eficiencia, calidade e orientación ao cliente. Como Director de Operacións en OPTARE SOLUTIONS (consultora TIC especializada en operadoras de telecomunicacións) a súa misión é obter os mellores resultados do seu equipo de produción sen descoidar aspectos craves como a orientación ao cliente e a calidade no servizo.

Desde o seu departamento colabora estreitamente co equipo de dirección técnica na implantación de metodoloxías e estándares de produción e xestión. Antes de asumir as responsabilidades de dirección de operacións liderou a implantación dun modelo de xestión eficiente en OPTARE como Xerente de Desenvolvemento, logrando triplicar as taxas de produtividade da empresa. É Enxeñeiro Industrial de Organización pola Universidade de Vigo e no pasado formou parte do equipo OSS dunha das principais operadoras españolas.

RESUMEN DE CONTIDOS DA CONFERENCIA:

- ¿Que é Cloud Computing?
- Alcance dos servizos Cloud: IaaS, PaaS, SaaS.
- Beneficios e Riscos do Cloud Computing.
- Nubes Públicas, Privadas e Híbridas.
- Visita (práctica) a varias aplicacións na Nube:
 - Google apps.
 - AutoCAD WS.
 - Dropbox.
 - Evernote.
 - Panda Cloud.
- Recomendacións para traballar na nube.
- Tendencias e Prognósticos.